

# *Vespa velutina* (Lepeletier, 1836)




## Lugar de procedencia

Endémica del este de Nepal, norte de Bangladesh y sureste de China.

## Hábitat en área de introdución

Zonas montañosas frescas das terras altas ao longo da súa área de distribución natural. Niños situados nas copas das árbores, de forma ocasional en áreas non perturbadas e protexidas en edificios ou en zarzas, e moi rara vez enterrados.

Normativa Nacional: Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras

	Avispa asiática
	Avespa asiática
	Vespa asiàtica

Reino: Animalia

Filo: Arthropoda

Clase: Insecta

Orden: Hymenoptera

Familia: Vespidae

Género: *Vespa*

## Biología

Avespa máis escura e algo máis pequena que a autóctona. As reinas apareadas emerxen da hibernación en Febreiro-Marzo e, cada unha, establece unha nova colonia. A construción do niño primario, onde pon ovos dos que saen unha vintena de obreiras, prodúcese nos meses de Abril-Maio e, posteriormente, trasládanse a outra árbore creando un niño secundario a partir de Maio-Xuño de onde emerxen novas obreiras. A finais do verán saen as femias e os machos. Nos períodos de máxima actividade pode haber entre 1200 y 1800 individuos dentro do niño secundario. A finais de outubro e Novembro a colonia deixa de estar activa e a reina morre. As futuras reinas comezan a súa hibernación.

## Campus de Vigo

Niños distribuídos en diversos redutos do Campus.

## Introdución

Detectada por primeira vez en Europa en Francia, a orixe da súa introdución segue sendo incerta, pero se suxire que poido ser accidental a través do comercio hortícola antes do 2004. En España a primeira cita confirmada foi en agosto de 2010 en Navarra, dende entón os avistamentos foron máis numerosos.

